

## Reunión Ordinaria da Comisión de Titulación do Grao en Enxeñaría Química

**Data:**

24-09-2020

**Orde do día:**

1. Solicitud de dispensa de asistencia a clase
2. Quenda aberta

**Asistentes:** MS Freire, RA Guerra, A Mosquera, MC Oubiña

**Excusan a súa  
asistencia:** MA Sotelo

O día 24 de setembro por videoconferencia (MS Teams), réunese a Comisión da Titulación do Grao en Enxeñaría Química cos asistentes que se indican.

### 1. Solicitud de dispensa de asistencia a clase

A.Á.R., alumna do Curso Ponte ao Grao de Enxeñaría Química para o curso 2020-2021 solicita a dispensa de asistencia a clase para todas as materias das que está matriculada en 1º e 2º semestres do curso 2020-2021 segundo o disposto na Instrución nº 1/2017 da Universidade de Santiago de Compostela e atendendo ao disposto no punto 2.c de dito documento.

Declara que o seu horario de traballo é de luns a venres en xornada de 9:00 a 13:00 e de 15:00 a 19:00 h e adxunta:

- Copia de contrato de traballo vixente
- Xustificante de alta na Seguridade Social

As materias das que está matriculada son:

G4021122 Inglés Técnico

: @etse\_usc @EnxQuim\_USC

G4021326	Enxeñaría Bioquímica
G4021425	Aula Profesional, Itinerario Cursos e Seminarios
G4021426	Aula Profesional, Itinerario Prácticas en Empresas
G4021427	TFG

Segundo a Instrución N° 1/2017, DA SECRETARÍA XERAL, SOBRE A DISPENSA DA ASISTENCIA A CLASE EN DETERMINADAS CIRCUNSTANCIAS no seu punto 2.- DISPENSA DE ASISTENCIA A CLASE di:

*“De conformidade cos Estatutos da Universidade, o alumnado poderá solicitar, ao principio de curso nas datas establecidas por cada Centro ou, posteriormente, de concorrer causas imprevisibles e sobrevidas, a dispensa de asistencia á clase, mediante solicitude motivada e acreditada formulada ao Decano ou ao Director de Escola segundo o disposto nesta Instrución.*

***Son causas para a solicitude de dispensa:***

*c) A prestación de servizos por conta allea ou por conta propia debidamente acreditada (e dicir: alta no Réxime Xeral ou no de Autónomos da Seguridade Social, copia do contrato de traballo ou dos encargos a realizar, copia do recibo de pago da última cotización), sempre que non se poda acoller ao réxime de matrícula a tempo parcial.*

***A efectos de concesión da dispensa, o Centro deberá ter en conta os seguintes criterios:***

- A excepcionalidade, polo que só se concederá a dispensa a falta doutra alternativa para cursar os estudos*
- Contemplan a natureza dos estudos que se pretenden cursar, tendo en conta que deberá ser denegado cando exista necesidade acreditada de asistencia a certas materias ou actividades, en particular as de contido fundamentalmente práctico.*
- As posibilidades de adquirir as competencias por sistemas alternativos a asistencia a clase, previo informe dos profesores responsables.*

*Nestes casos, a resolución de concesión da dispensa determinará o sistema de avaliación que debe seguirse e no que poderá considerarse un sistema de avaliación diferenciado do criterio xeral.”*


No caso das materias das que está matriculada Inglés Técnico e Enxeñaría Bioquímica infórmase favorablemente a concesión oficial da dispensa da asistencia a clase e solicitaráse ao profesorado

correspondente a adaptación do sistema de avaliación pertinente, dado que na programación docente de ditas materias non figura ningunha actividade de carácter obrigatorio.

## 2. Quenda aberta

Sen máis asuntos que tratar dáse por rematada a xuntanza ás 13:15 h.

En Santiago de Compostela, a 24 de setembro de 2020



Asdo.: Anuska Mosquera Corral

Coordinadora do Grao